

**INFORME SOBRE
O FUTURO CENTRO DE
ARTE CONTEMPORÁNEA
DE GALICIA**

Xuño 1993



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

G
93
6

- **Conclusións das xornadas de traballo** realizadas en Santiago de Compostela o longo dos días 12 e 13 de Marzo de 1993 arredor do tema **Galicia: un centro de Arte Contemporánea a debate**, organizadas polo Consello da Cultura Galega e a Consellería de Cultura.
- **Proposta de ponencia de artes plásticas** do Consello da Cultura Galega para un modelo de Centro de Arte Contemporánea en Galicia.




Conclusiónes has escritas de Boglio
 realizadas en Santiago de Compostela a lo largo
 de las 12 e 17 de Mayo de 1993 en el marco de la
 visita en el marco de Arte Contemporáneo a
 la ciudad, realizadas por Consejo de la Cultura
 y la Universidad de Galicia.

Proposición de compra de arte contemporáneo
 de la obra de Góngora (1993) para su inclusión
 en el marco de Arte Contemporáneo en Galicia.

Maquetación: ReVisión

Depósito Legal: C-1065/93
 Imprime: Mundo S.L.



Conclusións das xornadas de traballo realizadas en Santiago de Compostela o longo dos días 12 e 13 de Marzo de 1993 arredor do tema **Galicia: un centro de Arte Contemporánea a debate**

As xornadas de traballo tiñan como obxectivo esencial establecer unha plataforma de discusión sobre o planeamento e futuro desenvolvemento do **Centro Galego de Arte Contemporánea - CGAC-** para o que se está a construír na actualidade un edificio baixo a dirección do recoñecido arquitecto portugués Álvaro Siza.

Os debates, centrados en torno a catro mesas redondas⁽¹⁾, contaron coa participación dos seguintes relatores:

- **Álvaro Siza**, arquitecto e autor do proxecto do CGAC.
- **Josep María Montaner**, arquitecto.
- **Manolo Gallego**, arquitecto.
- **Santiago Seara**, arquitecto.
- **Martín Chirino**, escultor e director do CAAM de Las Palmas.
- **Tomás Lloréns**, conservador-xefe da Colección Thyssen-Bornemisza.
- **Rosa Olivares**, directora da revista “Lápiz”.
- **Antón Castro**, crítico de arte.
- **Gloria Moure**, directora da Fundación Espai Poble Nou, de Barcelona.
- **Vicente Todolí**, xefe da área artística do IVAM.
- **Carlos Baztán**, arquitecto da Dirección de Museos Estatais.
- **Simón Marchán-Fiz**, Catedrático de Estética da UNED.
- **M^a Luísa Sobrino**, profesora de arte contemporánea da Universidade de Santiago.
- **Félix de la Fuente**, director do Museo de Belas Artes da Coruña.
- **Antón Patiño**, artista.
- **José Freixanes**, artista.
- **Xavier Seoane**, escritor e crítico de arte.

Os participantes subscriben as seguintes conclusións

1.

Realza-la importancia do EDIFICIO construído para albergalo Centro Galego de Arte Contemporánea -CGAC-, facendo constar que, se ben sería desexable que aquel xurdise apoiado nun rigoroso proceso de definición do seu modelo e programa, o contacto directo co mesmo fainos entendelo coma a primeira obra e pronta contribución á súa futura realidade.

Constatouse “in situ” que a obra de Álvaro Siza conxuga o rigor e a austeridade das súas propostas espaciais cunha poética persoal que converten o edificio do CGAC nun auténtico manifesto arquitectónico, do que se salientaron as seguintes características:

a. Por unha parte, o edificio deseñado para o CGAC xorde coma un contedor de dimensións e estrutura que poden supoñerse adecuadas ás súas funcións museográficas.

b. Por outra, eríxese coma unha privilexiada e simbólica peza urbana, que constitúe un importante feito no desenvolvemento da cidade, e que nun futuro haberá de desempeñar un papel primordial na renovación da área na que se sitúa.

c. Recoñecer, finalmente, con optimismo, a significación dos froitos do traballo do autor coma un auténtico incentivo para o futuro desenvolvemento e evolución do mesmo .

2.

Entender que o CGAC deberá concretarse coma un CENTRO QUE DIFUNDA E COLECCIONE AS DISTINTAS MANIFESTACIÓNS DAS ARTES PLÁSTICAS CONTEMPORÁNEAS, INVESTIGANDO SOBRE A SÚA PROPIA REALIDADE. É dicir, debe de ser un centro difusor e dinamizador das artes plásticas coa aspiración de formar no futuro unha colección permanente, que na actualidade non existe.

Trátase de deseñar unha institución sendo conscientes de que nunca existiu un único proceso para chegar ó obxectivo desexado. Sen embargo, considérase que, a partir do bo aproveitamento dos medios disponibles, explorando as súas posibilidades reais, poderase cimentar un sólido porvir do que se obte-

rán os máis atractivos resultados, a fin de configurar un organismo vivo, sensible ás correntes estéticas da contemporaneidade e congruente coa ecoloxía cultural da súa localización. E, en función disto, propor unha vocación intelectual e pedagóxica, un proceso de interculturalidade e o seu correlato na práctica interdisciplinar, que posibilite o debate ilustrativo arredor das súas actividades. É dicir, converte-lo CGAC nun medio idóneo para dar unha sólida raigame ás súas propostas, proporcionando a dialéctica necesaria para a multiplicidade de lecturas. Mais tamén subliñar un camiño de indagación sobre as relacións entre a identidade e as diferencias culturais e, ó mesmo tempo, a formulación das interrogantes que nos farán sentir que os modelos xa experimentados deben ser matizados coma unha preocupación que nos levará a algunha forma de coñecemento do universal e o específico.

3.

Para abordar definitivamente este proceso, entender como indispensable a urxente **posta en marcha dunha figura transitoria na configuración do proxecto, isto é, a constitución dunha COMISIÓN DE EXPERTOS** -na que os coñecementos e experiencias dos aconsellantes alleos á nosa comunidade resltarán imprescindibles-, que asesore ó Goberno Galego sobre as próximas decisións que haberá que tomar na creación do Centro Galego de Arte Contemporánea. **Esta Comisión deberá sela que propoña os candidatos máis aptos para acceder á dirección do mesmo.**

4.

Os principios básicos que dirixirán a acción da mencionada Comisión serán:

a. Tratar de dotar ó CGAC da máxima autonomía, se se pretende conseguir que este Centro, como institución dedicada ó desenvolvemento, potenciación e difusión da nosa cultura, cumpra correctamente o cometido e obxectivos de seu, condición indispensable á luz dos resultados doutras experiencias existentes en España.

b. O seu funcionamento deberá basearse en tres estruturas básicas: o **Consello Rector ou Padroado**, o **suficientemente amplo**, no que estarán presentes responsables da **Administración, Institucións culturais, fundacións, etc.** O **Director-Xerente**, responsable da **xestión económica**. O **Director artístico**, asesorado por un **Consello -Consello Asesor-**. Este deberá estar formado por un pequeno equipo presidido polo **Director do Centro** e nomeado por el mesmo, coa finalidade de obter unha resposta áxil e axustada á nosa realidade.

5.

Para que o museo teña unha efectiva autonomía política e, sobre todo, administrativa pode adoptar varias configuracións xurídicas:

a. Fundación Privada. Considérase que é a máis adecuada. Os seus órganos rectores son responsables totais da consecución dos obxectivos coa maior economía de recursos e efectividade nos resultados. O deseño dun sistema de xestión económica e contable interno e a práctica de auditorías externas periódicas evitan as desviacións que se puidesen producir.

b. Consorcio ou Organismo Autónomo. Considéranse fórmulas válidas sempre que o museo ou centro poida exercita-los seguintes dereitos:

1. Seleccionar, contratar e despedi-lo seu persoal coma unha empresa privada.
2. Contrata acolléndose ó Dereito privado.

6.

O Centro Galego de Arte Contemporánea, como institución con influencia nacional, partindo dunha análise concreta da realidade que posibilite unha correcta definición do programa a seguir, deberá considera-la necesidade de potenciar unha personalidade propia en consonancia co auxe e o proceso de consolidación dos diferentes centros periféricos internacionais, sen esquecer os límites impostos pola situación xeográfica, antropolóxica, socio-cultural e técnico financeira.

7.

Privilexia-la conxugación entre as formulacións estéticas e o forte contido social marcado polo entorno, nunha revisión mutua, para acadar, deste xeito, **unha mirada universal**, perfectamente localizada. O peculiar enclave xeográfico de Galicia e o seu condicionamento atlántico serán tidos en consideración, pois, dende a mesma xénese do proxecto.

8.

Sustenta-las actividades do CGAC nunha relación eficaz con todas aquelas institucións unidas a el por vínculos xeográficos ou culturais.

Para iso deberá formularse:

a. A consolidación do futuro eixo plástico delimitado polos Centros de Arte Contemporánea de Santiago e Porto, coma base dunha necesaria referencia atlántica.

b. A coordinación ou relación co resto dos centros de arte contemporánea españois e internacionais, coma base de posibles cooperación.

c. Unha íntima e fluída relación coas outras institucións plásticas de Galicia, a fin de obter unha idónea vertebración do contacto artístico da Comunidade autónoma. Este presuposto deberá desenvolverse sobre a base dunha complementariedade que xurda do debate aberto, destinado, á súa vez, a posibilitar un lóxico proceso de descentralización.

9.

Responder a múltiples requerimentos en función da versatilidade da creación e da situación actual de Galicia, estendendo o Centro Galego de Arte Contemporánea a súa atención a cada unha das áreas de actividade do mundo artístico.

10.

Puntualizar, dende esta perspectiva, a importancia da formación da futura colección do Centro. Unha colección que,

mantendo un certo distanciamento co que no ámbito da creación poida acontecer en cada intre, suscite a tensión necesaria entre os clásicos modernos e a actualidade.

⁽¹⁾ Os debates centráronse arredor dos seguintes temas:

- a. Arquitectura dos museos actuais. A relación entre os edificios e as funcións museolóxicas.
- b. Dirección de centros de arte contemporánea. Tendencias, programas e modelos para os novos museos.
- c. Un museo para unha cidade periférica. Criterios diferenciais ante os grandes centros.
- d. Expectativas dun museo de arte contemporánea en Galicia. Criterios, prioridades e condicionamentos.

Un modelo de Centro de Arte Contemporánea para Galicia

Consciente da dificultade de definir un modelo que nace baixo o signo da novidade e tratando de fuxir da excesiva homologación que caracteriza hoxe os centros e museos de arte contemporánea dos diferentes países, tentamos adecua-lo proxecto arquitectónico xa existente do CGAC (Centro Galego de Arte Contemporánea) a outro museográfico que singularice os seus obxectivos, tendo en conta, á súa vez, as circunstancias da sociedade e da cultura galega da actualidade, concibidas na súa vocación europeísta como enclave atlántico.

O concepto. ¿Que espacio artístico?

O CGAC debe responder ante todo ás necesidades e demandas da sociedade galega actual, incidindo en diferentes niveis de actuación, tales como o subliña-lo seu carácter informativo das actuacións artísticas e culturais internacionais, españolas e galegas e xerar un debate ou diálogo constante entre eses aspectos e os seus protagonistas e o público.

Destaca-la vocación internacionalista -e de maneira especial a europeísta- non debe excluí-la aspiración a concretar un MODELO e a constrinxi-los seus obxectivos, que deben cingirse sempre, ó espacio real -o contedor arquitectónico-, demarcado polo edificio, e ó espacio máis amplo da especificidade histórica, xeográfica, antropolóxica e cultural de Galicia. En función disto propoñemos unha posible DEFINICIaN do devandito modelo que debería observa-los seguintes puntos:

- a. Privilexia-lo espacio xa existente e adecua-lo ó tipo de actuacións artísticas contemporáneas que se programen, incidindo no diálogo entre o contedor e o contido.
- b. Defini-lo CONTIDO expositivo e programático do CGAC,



subliñando, dende as primeiras actuacións temporais, o seu carácter internacional a partir da súa mesma posición periférica e atlántica.

c. Primar, durante uns anos, o concepto de Centro, que debe superpoñerse, en tanto que este non conte cunha colección propia co nivel das existentes nos restantes museos das mesmas características (IVAM, CAAM...)

d. Tratar de que os contidos a expoñer marquen progresivamente o seu porvir e definan o futuro da colección.

e. Privilexiar, mesmamente, a vinculación do Centro á cidade e aproveita-la visión mítica de Santiago no mundo e configurar propostas da contemporaneidade que se refiran a este aspecto.

f. Defende-lo carácter prospectivo do Centro, isto é, defini-los seus contidos fixándose no presente e no futuro da arte, aínda que sen excluír unha necesaria mirada ó pasado que pode vir apoiada por obras mestras ou actuacións fundamentais.

Obxectivos específicos e estrutura

O CGAC deberá estruturarse, dende un principio, segundo áreas operativas ou seccións en función do seu espacio, dos seus recursos económicos e do seu persoal. Isto posibilitará a concreción dos obxectivos xerais ou do concepto previsto para o Centro dunha maneira máis “real”. Sen embargo deberanse observar como propósitos mínimos os seguintes:

a. A realización de exposicións temporais (que analizaremos noutro capítulo), axeitadas ó “modelo” defendido.

b. A vontade de crear unha colección permanente (á que tamén adicaremos outro capítulo), que estableza, dende un principio, a mesma especificidade á que se vencella o proxecto e canalizada xa a partir das mostras temporais.



c. A realización de actividades culturais -seminarios, encontros, coloquios...-, que operen nun ámbito social diversificado e que irán dirixidas nunha dobre finalidade:

- divulgar e defende-la creación contemporánea
- informar e propicia-lo debate entre un público especializado.

d. A posta en marcha do proceso investigador e un clima de formación permanente que debe atinguir ó mesmo persoal do Centro.

e. A realización de actividades educativas.

En canto á ESTRUCTURA ESPACIAL, o CGAC deberá contar cos seguintes espazos:

a. Privados

- Despachos e salas de reunión
- Talleres
- Almacéns
- Biblioteca, arquivo, videoteca/filmoteca
- Servicio de acollida e saída de obras

b. Públicos

- Servicio de información
- Salas de exposicións temporais e previsión para a permanencia de obras
- Lugares para traballos experimentais
- Auditorio/sala de conferencias
- Biblioteca pública e sala de lectura ou investigación e consulta
- Librería
- Restaurante/cafetería

A ORGANIZACIÓN do CGAC deberá consolidarse progresivamente segundo vaian madurando os obxectivos propostos e segundo o organigrama trazado dende a súa mesma fundación,



mais tamén a partir das propostas conxuntas dos ÓRGANOS DE DIRECCIÓN. O esquema de organización implica a existencia das seguintes figuras:

- a. Un Director, que levará a cabo o desenvolvemento do modelo proposto e deberá contar cun alto grao de liberdade.
- b. Un Comité Asesor, que sirva de conselleiro ás resolucións da Dirección e que proceda na súa extracción profesional do ámbito da arte contemporánea.
- c. Un administrador ou xerente, que leve a xestión económica do Centro.
- d. Unha división departamental que baixo as ordes do Director englobe ás diferentes seccións do Centro. En función disto faise necesaria a existencia de:
 - Conservadores de áreas
 - Restaurador
 - Organizadores dos departamentos de educación e investigación
- e. Un Padroado, constituído por persoas de prestixio en tódolos ámbitos, tanto no sector público coma no privado.
- f. Sección de mantemento do Centro.
- g. Órganos de colaboración, que darán cabida ás diferentes “asociacións de amigos”, de “membros” e, sobre todo, de “protectores”.

As mostras temporais

O CGAC deberá manter un compromiso coa actualidade artística, mais sen excluí-la posibilidade de facer revisións históricas. As opcións informativas e os criterios de reflexións sobre estas deben crear un campo de incidencia fundamental no ámbito

social e cultural galego. As referencias sempre serán fundamentais, o mesmo que a valoración do propio e a súa confrontación contextualizable coa mellor arte foránea. Deste xeito as **mostras temporais**, que deben ter en conta a **futura vocación museable do Centro** e constituír un punto de partida para a adquisición de fondos propios, poderían estruturarse como segue:

- a. Mostras da actualidade artística internacional nas diferentes manifestacións, encol de temas ou aspectos subliñables.
- b. Mostras da actualidade artística española, seguindo as mesmas pautas.
- c. Mostras monográficas de artistas recoñecidos nos ámbitos devanditos.
- d. Mostras adicadas á arte galega nos seus aspectos temáticos ou monográficos.
- e. Mostras da contemporaneidade histórica, que subliñen o aspecto formativo e informativo.
- f. Mostras de opcións experimentais e novas tecnoloxías.

A colección permanente

Deberá marca-lo carácter diferencial do futuro Museo no ámbito dunha actualidade/temporaneidade artística que sexa -na medida do posible- irrepitible e ligada sempre ó modelo que se quere crear. Neste sentido terase en conta a liña expositiva temporal e tamén tódolos posibles sistemas de acceder ás obras de arte.

Mais é necesario resaltar que a **colección deber ser froito dun gradual e reflexivo consenso de maduración ó longo do tempo no que se está a fraguar mesmamente o Centro.**

A partir do antedito habería que observar na formación da futura colección algunhas das pautas que seguen:

a. As compras directas faranse seguindo o modelo museográfico que se pretende e tendo en conta as peculiaridades do espazo ó que van ser destinadas.

b. Privilexia-los traballos específicos que xurdan das mostras temporais. **Son as obras que reforzarán a orixinalidade do modelo santiagués.**

c. Aplica-los mesmos criterios selectivos a outros tipos de adquisicións de obras, tales como:

- Doazóns
- Legados
- Depósitos
- Préstamos

A colección do futuro Museo deberá centrarse, nun principio, nunha visión prospectiva, tendo en conta os últimos anos da arte, pois é o máis asequible dende o punto de vista dos recursos. Sen embargo non se pode renunciar a incorporar grandes obras mestras do presente século.

O núcleo central da devandita colección deberá basearse en diferentes figuras internacionais e obras selectas dos mesmos, ós que se incorporarán outros españois e galegos de prestixio ou calidade parella.

En canto á posibilidade de expoñer con carácter permanente unha colección de arte galega, observaranse os presupostos que seguen:

a. O CGAC debe evita-la duplicidade e non pretender configurar unha colección de arte galega do século XX, pois esta está moi ben representada en diferentes museos, coma o de Castrelos (Vigo) ou o do Castro (Sada). A súa actuación debe ser complementaria a partir da coordinación desas coleccións e da elaboración conxunta de diferentes programas cos respectivos museos.


b. O Centro pode reforzar unha visión selectiva e reducida da arte galega dos últimos anos no contexto das outras coleccións contemporáneas que se exhiban.

O CGAC definido polo enclave histórico

O Centro de Arte, radicado en Santiago, cidade declarada Patrimonio da Humanidade, ten que ter presente o pasado e a identidade histórica da mesma e, de maneira especial, a forte presenza da súa riqueza arquitectónica, aspecto que debe contribuír a subliñar-la súa definición, sen excluí-lo diálogo constante entre as súas actuacións e o entorno. Por iso o labor do Centro poderá expandirse, de xeito operativo, á estrutura física da cidade, que non debe excluirse como ampliación exterior das súas salas interiores. Dese diálogo entre ámbolos espazos -o edificio do Centro/Museo e a arquitectura e as rúas ou prazas da cidade- xurdirá un equilibrio necesario entre a tradición específica e a actualidade, co cal, tanto a sociedade santiaguesa coma a galega, poderá sentirse identificada. Mais tamén a partir desa situación deberán xerarse outras que incidan no incremento do fluxo social:

- reforzando a actividade artística no ámbito do mercado e da cultura (co incremento do labor galerístico),
- contribuíndo a consolida-lo turismo e industria culturais,
- fixando un referente de modernidade inexcusable para Galicia, que debe tender a unha homologación sen complexos co resto de Europa. Este aspecto significaría para Compostela o complemento da súa vocación europeísta de raíz medieval.





CC
19
5